

Marne, 16 de xullo de 1918

Querida Annika:

A vida na fronte de batalla é moi dura, pero non nos deixan contalo. É por iso que lle dei está carta a un amigo que volve á cidade porque quedou malferido despois de pisar unha mina, cando estabamos avanzando o 15 de xullo.

Aquí só hai mortos e máis mortos; teño medo pola miña vida porque os franceses están gañándonos territorio. Eu xa estou canso de ver morrer aos meus compañeiros e de convivir cos seus corpos enlameados dentro da trincheira, porque se saímos para darlles un enterro digno correremos a mesma sorte ca eles. Estou canso de ter que matar a outros homes que teñen unha familia esperándoos nas súas casas. Estou canso de que a comida sexa escasa. Estou canso de non poder durmir polas noites, porque teño pesadelos e aparécenseme os mortos según pecho os ollos. Estou canso de ter que estar en todo momento alerta por si ataca o inimigo. En definitiva estou canso de todo.

O único que me fai seguir loitando pola miña vida e poder volver a ver o teu cabelo dourado, os teus ollos azuis e o teu sorriso de orella a orella que me fai sentir cóxegas no estómago. Quero que saibas que cando mato téñote a ti no pensamento e que o teu recordo fai que me esforce cada día ao máximo.

Desexo con todas as miñas forzas que isto acabe axiña porque non sei canto tempo máis poderei aguantar sen que me firan ou que me maten; e espero de verdade que a túa situación sexa moi distinta; e que o asqueroso do capataz vos trate agora mellor, xa que sodes a súa única fonte de beneficios. Como van as cousas na cidade? Responde axiña querida Annika, quero saber como te encontras.

Sempre teu,

Markus.